



Concello de Vilarmador

ANUNCIO

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial e o acordado pola Sala de Goberno do Tribunal de Xustiza de Galicia, mediante Resolución da Alcaldía nº 82/2023 de data 28/03/2023, acordouse iniciar o expediente para a elección do xuíz de paz titular e substituto deste municipio.

1. Obxecto: elección de xuíz de paz titular e substituto do Xulgado de Paz de Vilarmador.
2. Prazo e lugar de presentación: quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP, no rexistro xeral deste concello, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. Requisitos dos aspirantes: ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade, de incompatibilidade ou prohibicións que sinalan os artigos 303 e 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial 6/85 do 1 de xullo, e de conformidade co previsto nos artigos 14 e seguintes do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.
4. Documentación a acompañar coa solicitude:
 - Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.
 - Certificado de antecedentes penais expedido polo rexistro central de penados e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, no punto 1.a) referente a "se se encontra inculcado ou procesado".
 - Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e non estra incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
 - Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Vilarmador, 28 de marzo de 2023.

O ALCALDE,

Carlos Vázquez Quintián